

PDI BIBLIOCERVO.2: "MENS SANA IN CORPORE SANO"

PAL 21/22



PLAN ANUAL DE LECTURA (ANEXO AO PROXECTO LECTOR)

PLAMBE XVII

CURSO 2021/2022

eLEXI° DE eERVO

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN (ANEXO VIII)

1.-En relación coa organización e xestión. A configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”

Bibliocervo.2 é o corazón do colexio, de onde parte toda a actividade educativa en cooperación con todos os equipos, implicando a toda a comunidade educativa e sempre tendo en conta ao noso alumnado.

Da organización e xestión encargarase *o equipo da biblioteca, a responsable titular e un pequeno equipo que comparte responsabilidades coa mesma*. As tarefas estarán distribuídas entre o equipo en función do horario. Todos faremos as gardas de recreo na biblioteca, por quendas, e deseñaremos actividades de formación de usuarios, prepararemos as caixas viaxeiras e as mochilas cos libros dos itinerarios lectores e do proxecto traballado e comunicaremos os acordos e as actividades propostas aos cursos, a través das reunións dos equipos docentes e da C.C.P. No mes de setembro realizaremos entre todo o profesorado unha folla de ruta e concretaremos o PAL, de xeito que se poderá incorporar a todas as PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS. As familias tamén serán informadas a través das reunións trimestrais e de notas informativas. A responsable titular, coordinará o equipo, e este fará proposta de actividades, velará de cubrir as necesidades de fondos documentais tendo en conta as necesidades das titorías e especialidades, de libros de lectura, buscará recursos na web que centralizará no blog e nas diferentes redes sociais, preparará a información e os materiais para facilitarlos ao profesorado, manterá unha boa comunicación co equipo docente, acudirá a cursos de formación e será a mediadora entre a biblioteca e o exterior. Cada titor/a será o responsable de facer o préstamo na hora semanal que lle corresponda, con independencia de que este tamén se poda realizar nos recreos. Neste tempo, ademais, poderán facer traballos, ler contos aos compañeiros ou mestras e mestres, xogar ao lego, utilizar as tablets, investigación e traballos ALFIN/AMI, costura...o alumnado de 3º a 6º de forma voluntaria serán axudantes para realizar o préstamo ou colocar os libros no seu lugar entre outras tarefas encomendadas. No vindeiro curso temos intención de facer radio en directo nos momentos de lecer, xa que se está organizando a instalación de megafonía nos patios. A organización e funcionamento da biblioteca levarase a cabo tendo en conta o protocolo COVID.

2.-En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

Grazas ao Plan LÍA.2 temos a biblioteca que soñamos. Este curso, debido á situación sanitaria, tiñamos moi limitados os accesos e manipulación nos diferentes grupos. Esperando unha mellor situación no curso 2021-2022 organizaranse diferentes actividades para promocionar e dinamizar todos os recursos, tentando que o alumnado "experto" ensine ao resto do alumnado, sempre respectando as medidas do protocolo COVID. Fomentaremos o uso das TIC/TAC/TEP en colaboración co P. E_dixgal. Na entrada da biblioteca hai dous expositores de novidades e meses temáticos que se actualizarán para dar a coñecer ao alumnado. Organizaranse postas en común con carácter didáctico e acordes ao PEC, PXA, PLC, PAL e PDI e que irán tamén integradas nas Programacións Didácticas mediante a área de Libre Configuración de 4º e 6º de EP continuaremos integrando a robótica no currículo, posto que seguimos integrados no programa de Biblioteca Creativa. Tentaremos fomentar entre o noso alumnado o achegamento a aprendizaxes do ámbito STEAM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas), continuando co movemento maker no colexio de Cervo así como colaborando con IGACIENCIA. Integrarase tamén dentro da biblioteca o proxecto DigiCraft e calquera outro que exista no centro, posto que o traballo sempre se deseñará de xeito coordinado e baixo un eixe vertebrador. Este eixe será a Biblioteca e proxecto interdisciplinar a través do cal se pretende favorecer múltiples obxectivos encamiñados a que BIBLIOCERVO sexa un laboratorio creativo de metaaprendizaxe. Todo isto farémolo a través do Proxecto Interdisciplinar que eliximos para este curso. Este proxecto, que levará por título **“MENS SANA IN CORPORE SANO”**, ***nace da necesidade do coidado da saúde, tanto física como mental, do noso alumnado que se acentuou despois do confinamento no que estivemos inmersos e no que tamén fomos conscientes da importancia do coidado do medio e o beneficio que nos proporciona.*** Integrará, á súa vez, os diferentes programas e proxectos que se desenvolverán no centro para o vindeiro curso. Cabe destacar que moitos dos integrantes do Equipo de Biblioteca tamén son integrantes do resto dos equipos do colexio (programa de Bibliotecas Creativas, EDLG, Voz Natura, E_dixgal) e participamos no PFPP que solicitamos anualmente. Desta maneira, aseguramos que a planificación anual da biblioteca ao comezo do curso se faga de xeito coordinado, a prol duns obxectivos e eidos de traballo comúns e organizando actividades relacionadas co proxecto interdisciplinar pero ofrecendo, do mesmo xeito, diferentes perspectivas ou enfoques e cooperando para realizar un traballo común entre todo o persoal do

centro e da Comunidade Educativa.

A nosa andaina de cara ao vindeiro curso vai discorrer arredor de varios eidos de traballo, a maioría deles xa habituais:

- ✓ *CONTINUARASE LOITANDO POR UNHA BIBLIOTECA PARTICIPATIVA.* Na que, transcendendo o espazo físico, sigamos a propiciar as POSTAS EN COMÚN entre o noso alumnado.
- ✓ *DESENVOLVEMENTO E POTENCIACIÓN DAS LINGUAS PROPIAS E DO MARCO COMÚN EUROPEO* a través das habilidades de falar e escoitar (ONDA PUCA RADIO, debates, enquisas, faladoiros con familias, asembleas, iniciación ao consello da infancia, clubs de lectura...), ler, escribir e busca de información (verbas máxicas, escritura creativa, apadriñamentos lectores, concursos, notas...).
- ✓ *ACTIVIDADES DE MULTIALFABETIZACIÓN e AMI//ALFIN sobre o coidado da saúde física e mental do noso alumnado así como o beneficio do coidado do medio a través de estratexias para a xestión das emocións, hábitos de alimentación saudables, fomento do exercicio físico a través da música e dos patios activos, as brigadas verdes, potenciación das tres R (reducir, reutilizar e reciclar), cultivo ecolóxico no noso horto escolar, concienciación e coidado das nosas zonas verdes e entorno natural próximo (Río Xunco), cociña saudable... entre outras.*
- ✓ *BIBLIOTECA CREATIVA E DIGICRAFT: O PROXECTO ESCORNABOTS, o DESEÑO (TinkerCad) E IMPRESIÓN 3D, o emprego de linguaxes de programación como MINDSTORMS (Robots LEGO) e SCRATCH... e a súa integración no currículo a través da área de Investigación e Tratamento da Información en 4º EP e 6ºEP (+3º e 5º) e de obradoiros internivel en Infantil e nos cursos de 1º e 2º.*
- ✓ *A POTENCIACIÓN DE APRENDIZAXES DO ÁMBITO STEAM.* Así continuaremos potenciando actividades de carácter científico, tecnolóxico, da enxeñería, das matemáticas e da Arte. Afianzarémonos no Movemento Maker ("Faino ti mesmo"), colaborarase con IGACIENCIA e continuaremos ampliando o emprego do MÉTODO ABN na área de matemáticas.
- ✓ *A RIQUEZA ARTÍSTICA NO NOSO PATRIMONIO CULTURAL.* Seguiremos potenciando a arte e conmemorando o nacemento de Luís Seoane. Intentarase favorecer o desenvolvemento creativo e artístico do noso alumnado e o recoñecemento de autores e obras artísticas do noso entorno. Farase especial incidencia no emprego de material de refugallo na área de Educación Artística.

- ✓ *APERTURA E VISIBILIDADE* cara unha BIBLIOTECA PLENAMENTE INCLUSIVA DE TODOS/AS E PARA TODOS/AS, compensadora de desigualdades máis que nunca.

Ao longo do desenvolvemento das diferentes actividades pretenderase que o alumnado sexa consciente do seu propio aprendizaxe e sexa quen de avalialo. Deste xeito faremos máis conscientes e eficientes. En definitiva, intentaremos que se fagan máis competentes en “Aprender a Aprender”. Pola nosa banda teremos presente que en todo momento o alumnado debe ser coñecedor dos obxectivos que nos propoñemos, para saber que se quere acadar e como o poden facer; coa finalidade de que sexan quen de autorregularse e empregar as estratexias precisas. Por isto, a nosa biblioteca aspira a ser un laboratorio creativo de **metaaprendizaxe**.

Este proxecto, que desenvolverá todo o colexio en ámbalas dúas etapas, será **coordinado pola Biblioteca**, pero en constante vinculación co resto dos equipos, como se mencionou previamente. Cremos que deste xeito se facilita a súa integración no currículo, o cal nos servirá para enlazar o traballo por competencias dun xeito multidisciplinar e globalizado.

Cremos que esta gran variedade de linguaxes e de ámbitos de actuación configura un dos piares fundamentais para o traballo das **Alfabetizacións múltiples e da aprendizaxe por competencias**. A biblioteca seleccionará recursos relacionados con estes temas para incrementar os fondos no referente a esta temática. Faremos, coa axuda dos diferentes equipos e atendendo ás súas necesidades e recomendacións, unha **listaxe bibliográfica e audiovisual** apropiada como apoio ao desenvolvemento deste proxecto, tanto específica, **de consulta**, como **de literatura infanto-xuvenil** que se atope relacionada con estes ámbitos dalgún xeito, atendendo ás diferentes idades do alumnado e á atención á diversidade. Teremos especial coidado á hora de seleccionar recursos inclusivos de xeito que o respecto e a atención á diversidade do noso alumnado estea asegurada. A biblioteca ofertará estes recursos canto antes, para que o equipo docente poda introducilos na súa programación. En setembro realizarase unha programación e temporalización aberta e flexible das actividades a desenvolver ao longo de todo o curso arredor do Proxecto **“BIBLIOCERVO.2: MENS SANA IN CORPORE SANO”** e aos diferentes meses temáticos. Recordar que a nosa distribución temática será bimensual e organizarase do seguinte xeito: **“Habelas, hailas”** (setembro e outubro), **“Nadal Maker”** (novembro e decembro), **“Paz, amor e Rocksalía”** (xaneiro e febreiro), **“Un neno, un mestre, un libro e un lapis poden cambiar o mundo”** (marzo e abril) e **“A arte das letras”** (maio e xuño).

En todo caso, como todo proceso de **Aprendizaxe Baseado en Proxectos**, teremos unha actividade final de relevancia social para a Comunidade Educativa. Nesta ocasión, prevendo que sexa posible facer as xuntanzas físicas que se facían habitualmente para dar a coñecer o produto final dos proxectos documentais, nesta ocasión o alumnado organizará un festival que levará por nome “**ECOCERVOFEST**”, nela o alumnado dará conta das súas aprendizaxes ofrecendo a súa particular visión do coidado da saúde e do medio, incluíndo diferentes espazos nos que se ofertarán actividades relacionadas coa alimentación, música e coidado dun mesmo. Tamén intentaremos contar co apoio de profesionais de diferentes ámbitos para realizar obradoiros e charlas formativas, así como realizar visitas didácticas relacionadas. Fomentarase a metodoloxía por proxectos dentro das diferentes áreas, serán estes pequenos proxectos documentais dentro do noso gran proxecto interdisciplinar. Para o seu desenvolvemento, como soe ser habitual en nós, **o profesorado actuará de “Regulador Mediático”** e ensinará ao alumnado a ligar as súas producións ás vivencias persoais e aos sentimentos. A biblioteca programará **actividades conxuntas**, que inclúan ao total do alumnado e profesorado relacionadas con este proxecto e será tido en conta nas diferentes conmemoracións, artellando os mecanismos precisos para convertelas nunha oportunidade para a aprendizaxe. Como apoio a este proxecto desenvolveranse actividades de formación de profesorado.

Teremos en conta que segundo o RD 126/2014 do 28 de febreiro e o Decreto 105/2014 do 4 de setembro que establece o Currículo de Primaria en Galicia, son sete as competencias clave que o alumnado debe adquirir progresivamente e nas que incidiremos en maior ou menor medida con este proxecto e todas as actividades programadas.

Resaltar que a contribución á competencia de **Aprender a Aprender** así como a **Cívica e Social** será posible no senso de que axudará a percibir e mellorar o mundo no que viven, gozando del e respectándoo. Faremos especial fincapé no mantemento e sostibilidade do medio no que vivimos e nas actitudes que favorezan a súa conservación. Procuraremos incorporar habilidades para que se desenvolvan adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal no ámbito do traballo colaborativo, sempre que este sexa posible. Ademais contribuirá a facilitar a transformación da información en coñecemento propio, a ser perseverantes na aprendizaxe, administrar o esforzo, autoavaliarse e autorregularse; afrontar a toma de decisións de forma crítica e reflexiva; adquirir responsabilidades e compromisos persoais, confianza en si mesmo e, en definitiva, a ser conscientes da súa propia aprendizaxe.

3.-En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.

Preparación de cartafolios dixitais con informacións e materiais sobre o funcionamento da biblioteca, formación de usuarios, condicións dos préstamos, normas da biblioteca e **programación mensual de actividades para todo o curso escolar para o profesorado**. Co alumnado seguiremos coa formación de usuarios con actividades sistematizadas. Elaboraremos boletines e trípticos con actividades de alfabetización mediática e informacional, formación de usuarios e recomendacións lectoras.

Fomentaremos tamén a utilización dos recursos que temos LEGOS 2.0 NXT, XOGOS DE CONSTRUCCIÓN (Lego), MECCANO, ESCORNABOTS, IMPRESORA 3 D, BOLÍGRAFOS 3 D, XOGOS COOPERATIVOS, MATERIAL ABN... para o traballo nas diferentes áreas curriculares e para a adquisición das competencias clave, e estarán en préstamo na biblioteca por exemplo a través das **MOCHILAS ESCORNABÓTICAS**. A formación de usuarios nestes novos recursos e no uso da biblioteca desenvolverase ao longo de todo o curso e organizaranse **sesións de FORMACIÓN DE USUARIOS e ROTEIROS ESCORNABÓTICOS E 3D**.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de centro.

Continuaremos cos itinerarios lectores que revisaremos ao inicio de curso, como cada ano, introducindo libros e materiais relacionados co proxecto deste ano e seguiremos coa HORA DE LER. Enviaremos as Mochilas Viaxeiras e faremos recomendacións de lecturas. Repartiremos os pasaportes lectores, así como os diplomas aos devoradores de libros e organizaranse clubs de lectura co alumnado e coas familias. A biblioteca participará activamente na elección das lecturas para cada nivel educativo para traballar as áreas lingüísticas (non hai libros de texto) e logo intentará facilitar sesións de convivencia cos autores/as e contacontos. Invitaremos ás familias a vir ao colexio a colaborar con nós en múltiples actividades segundo a dispoñibilidade e voluntariedade das mesmas. PUCA, a mascota, seguirá facéndonos propostas de actividades por medio de diferentes soportes e facilitando a integración curricular do proxecto interdisciplinar, ademais de servir de fío condutor e de elemento motivador.

5. En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.

A diversidade é unha realidade inherente ao Sistema Educativo. Neste senso a biblioteca facilitará a atención a este alumnado a través da elaboración e adaptación de todos aqueles materiais que sexa preciso para facilitarlles o acceso ao currículo, a adquisición de competencias e a realización de todas as actividades propostas. Coordinarémonos co Departamento de Orientación e atenderemos ás súas suxestións e orientacións na atención a este alumnado á hora da adaptación dos materiais e da organización de actividades, pero tamén á hora de adquisición de fondos e recursos. Intentaremos, adecuar a pictogramas todos aqueles libros que o alumnado precise, contando coa colaboración da especialista en Audición e Linguaxe e conmemoraremos datas tan importantes como o 3 de decembro, Día Internacional da Discapacidade. Tamén colaboraremos, como o vimos facendo estes últimos anos, con asociacións como ASPANANE, a Asociación de Síndrome de Down, a Asociación DEBRA, a Asociación do Enfermo Mental de A Mariña entre outras.

6. Outras actuacións.

Seguiremos colaborando de xeito bidireccional co EDLG e co equipo de Voz Natura no desenvolvemento coordinado dos seus proxectos. Do mesmo xeito colaboraremos co resto dos equipos e estaremos sempre dispostos a facilitarlles aqueles recursos que precisen en cada momento. Esta boa coordinación explícase ao saber que a maioría dos coordinadores destes proxectos están integrados no Equipo de Biblioteca, así como algúns dos seus membros, o que facilita moito o noso traballo. O blog BIBLIOCERVO seguirá a ser o escaparate das actividades da biblioteca e do colexio. Crearase unha sección específica no blog para a centralización dos recursos deste proxecto. Ademais coordinarémonos con outros centros do PLAMBE da Mariña para facer actividades conxuntas. Colaboraremos tamén con outras asociacións ou organizacións sempre e cando consideremos que resulta beneficioso para o alumnado e a consecución dos obxectivos propostos.

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

Levarase un seguimento do proxecto nas reunións do equipo: actividades desenvoltas, grado de participación, análise dos datos estatísticos de Meiga, comentarios nos cadernos das

mochilas, suxestións nas cartas a PUCA e enquisas de valoración. Aplicaremos algunhas “Ferramentas de autoavaliación” adaptadas do caderno **B.E. ¿entre interrogantes?** Analizaranse os cambios e melloras que se observen no alumnado, no profesorado, no centro e as repercusións que teña nas familias e en xeral, na comunidade educativa. Rexistraranse por escrito as incidencias, os acertos e os fracasos, matizando cada intervención coas vivencias positivas e de xeito obxectivo. No alumnado avaliaremos os avances que respondan ás alfabetizacións múltiples, ao seu coñecemento tecnolóxico, ao tratamento da información audiovisual, a competencia dixital e a competencia para aprender a aprender. No Profesorado avaliaremos a súa implicación nas actividades, a mellora da súa actividade docente e as relacións entre si: a cohesión e a coordinación entre o mesmo.

8. Persoa designada como responsable da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

Silvia Edrosa Rodríguez, titora de EP e membro do equipo de Voz Natura, será a responsable titular de Bibliocervo compartindo esta responsabilidade con Beverly Ramos Couso, mestra de apoio en EI; Isabel Vázquez Barreiro, xefa do Departamento de Orientación e membro do equipo de EDLG; e Paula Otero Freijomil, especialista de Audición e Linguaxe e coordinadora do PFP e de EACE. O equipo de apoio, salvo modificacións por causas organizativas a inicio de curso, estará formado por Esther Basanta Fernández, especialista de lingua estranxeira, coordinadora da sección bilingüe e do Proxecto eTwinning; Cristina Rodríguez Novo, secretaria e especialista en EF; Manuel Martínez Herrero, director e especialista de Música; Belinda Blanco Fernández, titora de EP, responsable do blog e da radio da biblioteca; María Luz Rodríguez Costa, titora de EP e coordinadora E_dixgal, proxecto Escornabots e Abalar-E_dixgal; Ana María Ferreiro, titora de EI, Raquel Casas, titora de EP e xefa de estudos. Todos definitivos e, a gran maioría, integrantes do equipo estes últimos cursos. O horario será flexible e confeccionado de maneira que garanta o traballo coordinado entre todos os membros do equipo.

En Cervo, a 2 de xuño de 2021

ACTUALIZACIÓN DOS MEMBROS DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

(Claustro do 3 de setembro de 2021)

- **Esther Basanta Fernández**, especialista en Lingua Estranxeira e coordinadora das seccións bilingües e do Proxecto eTwinning.
- **Belinda Blanco Fdez**, mestra de E.P.
- **Silvia Edrosa Rodríguez**, mestra de E.P. e responsable da biblioteca.
- **Ana M^a Ferreiro**, titora de E. I.
- **Ángela Maseda Yáñez**, mestra de E. I.
- **Manuel R. Martínez Herrero**, mestre de música.
- **Paula Otero** mestra de A.L. e coordinadora do PFPP.
- **Beverly Ramos Couso**, mestra de apoio de E. I.
- **María Luz Rodríguez Costa**, mestra de E.P., coordinadora E_dixgal e Bibliotecas Creativas.
- **Cristina Rodríguez Novo**, secretaria e especialista en E. F.
- **Isabel Vázquez Barreiro**, orientadora e xefa do Departamento de Orientación.

HORARIO DE APERTURA DA BIBLIOTECA E NORMAS BÁSICAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Durante este curso, faremos uso da biblioteca limitando o aforo ao 75% (42 persoas), tal e como establece o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19.

Realizarase a hixiene de mans no momento de entrada e de saída da biblioteca, así como a desinfección do posto e das superficies empregadas durante a estancia na mesma.

Recuperaremos a apertura nos recreos, nos cales poderá acceder un grupo en función da organización dos patios e das condicións meteorolóxicas, para poder empregar a biblioteca como espazo de goce no tempo de lecer.

No caso de que sexa preciso o uso compartido da biblioteca, poderán facelo de maneira simultánea un máximo de dous grupos, mantendo a ventilación cruzada na sala e ocupando os espazos delimitados, entre os cales se mantén a distancia de seguridade.

Intentarase que os grupos estables de infantil, primeiro e segundo baixen nas últimas horas e os maiores nas primeiras sesións.

Deste xeito, a Biblioteca contará co seu propio horario e todos os grupos terán un mínimo dunha hora semanal na biblioteca para a realización das diferentes actividades e para facer o préstamo e devolución de recursos, sempre e cando sexa posible en función da organización escolar.

Seguindo o Protocolo xa mencionado, este curso os axudantes de Biblioteca non realizarán os préstamos nin as devolucións. Desta maneira, só o profesorado do Equipo de Biblioteca e os titores/as que fagan uso da Biblioteca empregarán a zona de xestión.

O alumnado voluntario poderá colaborar na organización dos libros emprestados cando baixe coa titora, tendo en conta a desinfección previa de mans.

Para minimizar o emprego de recursos físicos intentaremos que cada alumno/a recorde o seu número de lector/a; deste xeito prescindiremos dos carnés de lectores físicos durante este curso. En educación infantil, as titoras poden ter unha listaxe cos números de lectores/as que lles facilite o servizo.

Debido á situación que vivimos este curso non será posible abrir a biblioteca de 16:00 a 18:00 da tarde.

A adaptación da nosa biblioteca ás medidas establecidas polo Protocolo Covid-19 non vai ser unha interferencia para que siga sendo o centro neurálxico do noso colexio e se manteña a esencia da nosa forma de traballo baseada no ABP, atendendo á programación anual e á temporalización das actividades que se adxunta, así como á súa relación cos diversos proxectos que se desenvolven no centro, tales como Bibliotecas Creativas, Voz Natura, proxecto de fomento do galego do EDLG, eTwinning e outros como Digicraft.

O Equipo de Biblioteca tamén conta con horario asignado para labores propias do cargo, segundo as directrices da Xefatura de Estudos.

Respecto á apertura de cara ás familias, este curso só poderá ser a distancia ou virtual, posto que non está permitido o acceso dos pais ou nais ao centro agás causas xustificadas, tarefas administrativas ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro.

PUCA/HORA DE LER/ PASAPORTE LECTOR/ ITINERARIO LECTOR

Puca continuará sendo o elemento dinamizador de Bibliocervo. En todas as aulas existirá unha “caixa do correo” para a súa correspondencia xunto cunha representación artística dela que pode ser en foto, collage, debuxo artístico... e deseñado polo alumnado. As cartas bimensuais seguirán chegando fisicamente, desde o mes de outubro, ademais de dixitalmente, aínda que se aconsella colocar a caixa do correo preto do profesor/a e que sexa este/a o que manipule dita carta.

De acordo ao noso Plan Lector, contaremos cun tempo diario dedicado á **HORA DE LER**. Serán 30 minutos de lectura silenciosa e sostida, pero tamén de lecturas compartidas en voz alta ou a través de diferentes dinámicas. Un día á semana, teremos o **MOMENTAZO DE LER** no que todas as persoas que se atopen no centro (alumnado, profesorado, conserxe, cociñeiras...), lerán simultaneamente, para ir enchendo as súas mentes e cada recuncho do noso cole con experiencias e momentos únicos, e transmitir os uns ás outras o noso amor pola lectura.

Este curso, debido á reorganización do horario xeral do centro e da distribución das clases en burbullas ou grupos estables de convivencia, levarase a cabo nas aulas ou nos lugares establecidos para o tempo de lecer de cada grupo que, se as condicións meteorolóxicas o permiten, poderán empregar, tamén, para facer lectura ao aire libre e na natureza. Así mesmo, levarase a cabo tendo en conta a súa integración no currículo segundo a programación didáctica dos diferentes niveis educativos. Para esta hora de ler o alumnado contará cos **ITINERARIOS LECTORES**.

Nesta ocasión prescindirase do caderno que acompañaba aos Itinerarios Lectores para reducir o emprego de materiais físicos e ánimoase ao profesorado a ampliar o emprego de dinámicas que favorezan a expresión oral, no seu lugar. Ademais, nos cursos de 5º e 6º promoverase a lectura en dixital. Pola contra, seguirán contando cun **PASAPORTE LECTOR** no que poderán tomar nota das súas lecturas ao longo do curso, que Puca se encargará de selar á vez que lles alenta a seguir gozando dese tempo diario.

Ademais dos ITINERARIOS LECTORES, o profesorado pode levar en préstamos temporais para a súa aula aqueles recursos que precise atendendo á súa programación didáctica. Para isto todos e todas contarán co seu carné de usuario e farán o préstamo en Meiga. Cando se devolvan aos andeis da biblioteca deben ser previamente desinfectados.

Durante o MES DE SETEMBRO o profesorado elixirá entre os fondos da biblioteca recursos suficientes para complementar a biblioteca de aula para a realización da HORA DE LER. Eses

libros poderán ser cambiados periodicamente. Os cursos de 5º e 6º seguirán empregando aplicación Tatum de Edelvides, un sistema de lectura dixital gamificado para utilizar na Hora de Ler ademais de nas áreas lingüísticas.

CLUBS DE LECTURA

Ao longo do curso tentarase organizar tres Clubs de Lectura, dous co alumnado e outro para as familias, dirixido por mestres e mestras do equipo de biblioteca fóra do horario lectivo. Será o equipo o que realizará a selección de libros para o alumnado e propiciará unha sesión co autor ou autora dos mesmos. Os clubs de lectura nos que participa o alumnado, levaranse a cabo quincenalmente **de maneira presencial** no tempo de lecer, cumprindo coas medidas do Protocolo Covid-19: utilizando as zonas de lectura ao aire libre (sempre que a meteoroloxía o permita) ou ben espazos ventilados nos que se manteña a distancia de seguridade. No caso dos adultos, será de maneira virtual xa que, ademais de poder cumprir as normas do Protocolo, permite unha mellor conciliación e, polo tanto, unha maior asistencia. Comezarán no mes de xaneiro e cada grupo non poderá exceder os 10 participantes.

Este ano, participamos na convocatoria ofrecida pola Consellería na que se incentivan economicamente estas iniciativas pero, aínda que non contemos cunha partida destina propiamente aos clubs, levarémolo a cabo igualmente, tal e como vimos facendo durante todos estes anos.

Para animar ás nosas alumnas e alumnos a ser parte destas xuntanzas, puxemos en marcha un concurso no que teñen que poñer nome e deseñar un logo que bautizará e poñerá imaxe ao noso Clube.

Os libros propostos para o alumnado de 4º, 5º e 6º son:

1. “Mamá, quero ser Ziggy Stardust” de Iria Misa.
2. . “Xelís, o guieiro das botellas de mar” de Rosa Aneiros.

Para as familias, propónse a lectura dalgunha obra relacionada coa cultura musulmá na que se poda ver reflexada a situación vivida polas persoas máis vulnerables, especialmente mulleres e nenas, e os cambios que se foron producindo con respecto aos dereitos delas. Serán as familias as que decidan o libro obxecto do Club de Lectura entre os títulos propostos.

MOCHILAS VIAXEIRAS/MOCHILAS ESCORNABÓTICAS

Estes curso retomamos a volta ás casas das mochilas viaxeiras e escornabóticas así como as bolsas viaxeiras de infantil, nas que incluiremos algún xogo ou caderno de actividades ademais dos libriños.

Existirá unha Caixa Escornabótica en préstamo na biblioteca que conta con tableiros, Escornabots e todo o preciso para o achegamento da linguaxe de programación ao alumnado de EI e do resto dos niveis de primaria.

Para a circulación das mesmas, comezarse a viaxe o venres de cada semana e rematará o xoves da seguinte, desta maneira conseguimos que haxa un descanso de 24 horas para manter e respectar as medidas hixiénicas pertinentes.

LISTAXE DE LIBROS PARA AS ÁREAS LINGÜÍSTICAS E EXPOSICIÓN TEMÁTICAS E TEMPORAIS

Continuaremos facendo exposicións daquelas novidades que vaian incorporándose a Bibliocervo coa finalidade de ter un fondo actualizado e acorde ás nosas necesidades, tanto do alumnado coma do profesorado, o cal poderá propoñer a compra daqueles recursos que precise para o traballo competencial dentro ou fóra da aula.

Tamén se farán exposicións por centros de interés ou temáticas atendendo aos diferentes meses e ao traballado cada tempada.

Ofertarase tamén unha listaxe de recursos vencellados ás temáticas do presente proxecto para o emprego por parte do profesorado, de ser do seu interese. Debemos controlar o acceso do alumnado a estes recursos vixiando que o manexo dos libros se faga sempre previa hixienización das mans.

- **EI E 1º E 2º NIVEIS DE PRIMARIA**

Tanto a etapa de Educación Infantil como os niveis de 1º e 2º de Primaria traballarán a lectura de xeito integrada nos proxectos que desenvolverán trimestralmente, relacionados co PDI coordinado dende a Biblioteca Escolar. A elección de libros será consensuada ao longo do curso en función das necesidades atopadas e atenderá tanto a criterios de calidade como de motivación. Respectarase o Proxecto Lingüístico do Centro en canto ao uso das linguas vehiculares. Resulta preciso que esta elección de lecturas sexa aberta para dar resposta aos retos que se vaian propoñendo ao longo do curso en función de como se vaian desenvolvendo

os proxectos. A Biblioteca Escolar coordinarase co profesorado para a detección de necesidades mencionadas, para a súa integración no proceso de E-A e para a avaliación dos resultados obtidos. Así mesmo, para o inicio de curso algúns dos libros a traballar serán os seguintes:

- **1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

	1º DE PRIMARIA	
LENDAS DO RECREO: A MEDIA HORA DOS HEROES	XERAIS	978-84-9121-653-7
BICICLETAS	XPLORA	978-84-15797-39-5

- **2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

	2º DE PRIMARIA	
FIZ, O COLECCIONISTA DE MEDOS	OQO	978-84-9871-206-3
SUPERAVOA	XERAIS	978-84-9121-751-0
PACO PECO PEQUENEIRO E O LAGARTEIRO MIOPE	XERAIS	978-84-9121-908-8
NUNA SABE LEER LA MENTE	BIRABIRO	978-8416490295

- **3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

	3º DE PRIMARIA	
ERA UNHA VEZ NA QUIMBAMBA	TAMBRE (EDELVIVES)	978-84-88681-69-0
PAN CON CHOCOLATE. A MERENDA DE GIANNI.	XERAIS	978-84-9121-909-5

- **4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

4º DE PRIMARIA		
AGU TROT	LOQUELEO	9788491221036
EL ABRAZO DE LAS AMAPOLAS	ANAYA	978-84-698-6648-1

Tanto no 3º coma 4º nivel de E. P., integraranse máis libros en función do desenvolvemento dos proxectos e das necesidades de cada grupo ademais daqueles títulos da biblioteca de aula que complementarán aos anteriores. Farase un intercambio entre os dous niveis , seguindo as medidas do Protocolo Covid-19, dos títulos en galego e castelán, para que non supoña un gasto excesivo para as familias e só teñan que mercar dúas obras por curso.

- **5º NIVEL DE PRIMARIA**

5º DE PRIMARIA		
LA BIOMAESTRA	EDELVIVES	978-84-263-7371-7
COCOTIBUR	XERAI	978-84-9121-807-4
MAXIA DE PEDRA	XERAI	978-84-9121-885-2

- **6º NIVEL DE PRIMARIA**

6º DE PRIMARIA		
DOUCHE A MIÑA PALABRA	XERAI	978-84-9121-886-9
20000 LEGUAS DE VIAJE SUBMARINO	ANAYA	978-84-66747486
A FOLLA AZUL	XERAI	978-84-9121-844-9

Mercarase tamén unha licenza para seguir empregando TaTum, da editorial Edelvives, unha aplicación a través da cal se potenciará a lectura en dixital e a gamificación dos plans lectores tanto en Lingua Galega, en Lingua Castelá e en Lingua Estranxeira. <https://ta-tum.com/>

A escolla de libros irá da man co desenvolvemento das Programacións didácticas e será flexible, para adaptarse a cada alumno e alumna e ao momento concreto que nos toque vivir. Darase conta destas lecturas nas reunións trimestrais coas familias e tamén, finalmente, na memoria da biblioteca.

TEMPORALIZACIÓN E CONCRECIÓN DAS ACTIVIDADES ANUAIS PARA A SÚA INTEGRACIÓN NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Tal e como se recolle nas liñas prioritarias para este curso, os grandes temas sobre os que vai xirar o proxecto interdisciplinar anual e que se atopa directamente relacionado co resto dos proxectos do centro, especialmente Bibliotecas Creativas, o de Voz Natura, Departamento de Orientación e o de EDLG, nun principio, serán:

O coidado da saúde e do medio ambiente, na busca de alternativas a través da educación que nos permitan crear hábitos que fomenten o desenvolvemento sostible, a igualdade, a paz, a xustiza e a erradicación da pobreza, entre outros, atendendo aos diferentes **Obxectivos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible**.

- ✓ *CONTINUARASE LOITANDO POR UNHA BIBLIOTECA PARTICIPATIVA*. Na que, transcendendo o espazo físico, sigamos a propiciar as *POSTAS EN COMÚN* entre o noso alumnado aínda que a forma cambie con respecto á habitual, para adaptarse ás novas normas desta “nova realidade”. Non poderemos compartir espazo físico pero si coñecementos, palabras e imaxes polo que as *postas en común* serán unha maneira de estar máis preto desde a distancia .
- ✓ *DESENVOLVEMENTO E POTENCIACIÓN DAS LINGUAS PROPIAS E DO MARCO COMÚN EUROPEO* baixo o lema
- ✓ *ACTIVIDADES DE MULTIALFABETIZACIÓN e AMI/ALFIN sobre o coidado da saúde física e mental do noso alumnado así como o beneficio do coidado do medio a través de estratexias para a xestión das emocións, hábitos de alimentación saudables, fomento do exercicio físico a través da música e dos patios activos, as brigadas verdes, potenciación das tres R (reducir, reutilizar e reciclar), cultivo ecolóxico no noso horto escolar, concienciación e coidado das nosas zonas verdes e entorno natural próximo (Río Xunco), cociña saudable... entre outras.*
- ✓ *BIBLIOTECA CREATIVA E DIGICRAFT: O PROXECTO ESCORNABOTS, o DESEÑO (TinkerCad) E IMPRESIÓN 3D, o emprego de linguaxes de programación como*

MINDSTORMS (Robots LEGO) e SCRATCH... e a súa integración no currículo dentro das diferentes programacións de nivel, e especialmente a través da área de Investigación e Tratamento da Información en 4º EP e 6ºEP. Intentarase participar por terceiro ano na Semana Europea da Programación con actividades adaptadas á nova “metodoloxía”, sempre que isto sexa posible. Ampliaremos, de novo, o Proxecto DigiCraft, xa que o curso pasado quedou limitado a só un grupo por falta de material individual suficiente.

- ✓ *A POTENCIACIÓN DE APRENDIZAXES DO ÁMBITO STEAM. Así continuaremos potenciando actividades de carácter científico, tecnolóxico, da enxeñería, das matemáticas e da Arte. Afianzarémonos no Movemento Maker (“Faino ti mesmo”), colaborarase con IGACIENCIA e ampliaremos o emprego do MÉTODO ABN na área de matemáticas. Anímase a que, empregando a área de plástica, se potencie esta filosofía de traballo e que sexan os propios nenos e nenas os que “constrúan” os seus propios proxectos tecnolóxicos e logo expliquen aos demais como o fixeron, como funciona e para que serve.*
- ✓ *A RIQUEZA ARTÍSTICA NO NOSO PATRIMONIO CULTURAL. Seguiremos potenciando a ARTE e conmemorando o nacemento de SEOANE. Intentarase favorecer o desenvolvemento creativo e artístico do noso alumnado e o recoñecemento de autores e obras artísticas do noso entorno. Organizaranse obradoiros creativos ao longo do curso e farase especial incidencia no **emprego de material de refugallo** para a creación de **instrumentos musicais** que levarán o toque do artista homenaxeado no vindeiro ano 2022 pola Academia Galega das Artes: **Laxeiro**.*
- ✓ *APERTURA E VISIBILIDADE cara unha BIBLIOTECA PLENAMENTE INCLUSIVA DE TODOS/AS E PARA TODOS/AS, compensadora de desigualdades máis que nunca e centro de recursos accesibles a todo aquel que precise facer uso dos mesmos.*

As actividades que se propoñen veñen dende os diferentes Equipos en coordinación coa Biblioteca Escolar. Isto non implica a realización de todas elas por parte de todas as etapas ou niveis, pois debemos adaptarnos sempre ás características do noso alumnado. Do mesmo xeito SERÁ IMPRESCINDIBLE SEGUIR CONVIVINDO COS PROTOCOLOS EDUCATIVOS E SANITARIOS DERIVADOS DA COVID-19. Neste senso, ao longo do curso e en función das posibilidades, moitas actividades poden verse modificadas en canto ao formato, flexibilizadas ou mesmamente suspendidas. En todo caso, garántese a organización de actividades a prol dos nosos obxectivos tanto nun contexto presencial como a distancia.

OS PRODUTOS FINAIS DESTE PROXECTO SERÁN VARIOS:

- ✚ **AS POSTAS EN COMÚN BIMENSUAIS COAS QUE COMPARTIREMOS O APRENDIDO E INVESTIGADO**
- ✚ **UN CALENDARIO NO QUE SE INCLUIRÁ, MENSUALMENTE, UNHA RECEITA SAUDABLE E UN RETO ACTIVO OU ESTRATEXIA DE CALMA**
- ✚ **UN RECEITARIO QUE INCLÚA TODAS AS RECEITAS PROPOSTAS POLO ALUMNADO DO CENTRO**
- ✚ **UN ROTEIRO POLO XARDÍN DO NOSO CENTRO ONDE SE COÑECERÁN AS ÁRBORES COAS QUE CONTAMOS, A FAUNA DA NOSA CHARCA E A MELLORA DOS DIFERENTES ESPAZOS COA COLOCACIÓN DE CASIÑAS DE PAXAROS, HOTEL DE INSECTOS E TRAMPAS PARA AVESPA ASIÁTICA**
- ✚ **ECOCERVOFEST: UN FESTIVAL ONDE PODEREMOS POÑER EN COMÚN E GOZAR DE TODO O APRENDIDO AO LONGO DO CURSO**

“HABELAS, HAILAS” (setembro e outubro)**SETEMBRO:**

- Elaboración do **PAL** e entrega ao profesorado para a incorporación ás PD, como concreción ao PLC.
- Organización dos materiais e horarios para levar a cabo as seguintes actividades:
 - **ITINERARIOS LECTORES**
 - **PASAPORTES LECTORES**
 - **MOCHILAS VIAXEIRAS/MOCHILAS DEPORTIVAS VIAXEIRAS (E. F.)**
 - **MOMENTAZO DE LER:** animamos a todas as persoas do centro a saír a ler todas xuntas un día á semana (mestras, mestres, alumnado, conserxe, cociñeiras...).
 - **“CANTO CONTO TEN!”:** Actividade voluntaria na que o alumnado contará un conto no recreo a través de ONDA PUCA RADIO. 1 día/semana e de xeito bimensual.
 - **CLUB DE LECTURA:** Elaborar o proxecto do Club de Lectura para a súa solicitude. Decidir títulos para os do alumnado e para o de adultos, tendo en conta a temática do PDI e a actualidade. Poñeranse en marcha a partir de xaneiro.

- **APADRIÑAMENTOS LECTORES DE CLASES IRMÁS (6º con 2º; 5º con 1º; 4º con 6º de EI); 3º con 4º e 5º de EI):** Unha vez cada dous meses, realizaranse lecturas/representacións de contos entre clases irmáns na biblioteca, no patio cuberta ou no exterior, se o tempo o permite. Gravación das mesmas para elaborar un vídeo conmemorativo para o 23 de abril (Día do libro).
- **CARTAZ COAS NOVAS NORMAS DE USO** a partir deste PAL
- **CAIXA ESCORNABÓTICA:** revisar e reparar aqueles que o precisen
- **NOVOS CARNÉS DE LECTORES (MEIGA).** Profesorado novo e alumnado de nova incorporación.
- **NOVOS CARNÉS DE VOLUNTARIOS (5ºEP E 6ºEP) E REGULAMENTO PARA O VOLUNTARIADO (TAREFAS).** Recuperaremos a participación do alumnado, nas tarefas que sexa posible, que servirán de motivación para os máis pequenos e pequenas do colexio, para continuar estimulando a súa participación a pesar das circunstancias actuais que repercuten moi negativamente na “esencia” da nosa metodoloxía de traballo.
- **ORGANIZACIÓN E ACTUALIZACIÓN DA UBICACIÓN DOS LIBROS DO PUNTO LECTOR**
- **ELABORAR CADRO HORARIO-BIBLIOTECA**
- **ENTRADA “EXPLICACIÓN DO NOVO PROXECTO E BENVIDA”.** O blog bibliocervo.blogspot.com seguirá sendo a ventana virtual á nosa biblioteca. Enlazarase dende a Web do colexio.
- Este ano non haberá xuntanza de apertura ou inauguración conxunta. As diferentes titor@s, a primeira vez que visiten a biblioteca co seu alumnado, aproveitarán para darlles a benvida, ensinarlles as novas instalación, explicarlles as normas, facerlles entrega dos novos carnés aos novos usuarios, presentarlles a Puca e ensinarlles os Itinerarios Lectores e os Pasaportes Lectores.
- **CREAR “SITE” OU APARTADO ESPECÍFICO DO PROXECTO DENTRO DO BLOG** onde introducir materiais de elaboración propia e recursos de utilidade a disposición do profesorado.

- **RESPONSABLE TWITTER/INSTAGRAM (Integración das TEP)**

- **LISTAXE DE BIBLIOGRAFÍA E AUDIOVISUAIS RELACIONADA CO PROXECTO: MERCAR E SUBIR AO BLOG COMO RECURSOS. EXPOSICIÓN (MESES TEMÁTICOS + NOVIDADES LECTORAS).**

- **LOCALIZAR ENLACES, VIDEOS, XOGOS E OUTROS RECURSOS COMO APOIO AO PROXECTO.**

- **NOVIDADES LECTORAS: ACTUALIZAR E EXPOÑER**

- **ORGANIZACIÓN DA ÁREA DE ITI: INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN (4º E 6º EP).** Integrará as linguaxes de programación así como a investigación e tratamento da información noutras áreas curriculares do ámbito científico.
 - **DESEÑO E IMPRESIÓN 3D:** Obradoiros de TINKERCAD e IMPRESIÓN 3D cos bolígrafos e coa impresora WITBOX BQ
 - **LINGUAXES DE PROGRAMACIÓN:** ESCORNABOTS, SCRATCH E LEGO MINDSTORM- ROBÓTICA

- **INVESTIGACIÓN E DOCUMENTACIÓN RELACIONADAS CO PROXECTO EN CURSO.**
 - **1ª CARTA INFORMATIVA DE PUCA BIMENSUAL:** para a posta en marcha do PDI e a súa presentación ao alumnado (finais de setembro/principios de outubro). Renovar as caixas de correo das aulas.
 - **“MENS SANA”:** solicitar talleres sobre o afrontamento dos medos: inseguridades, autoestima, timidez... Recompilar e mercar bibliografía para consulta e exposición. Recompilar webgrafía para consulta no blog.
 - **“CORPORE SANO”:** solicitar talleres sobre nutrición e alimentación saudable. Recompilar e mercar bibliografía para consulta e exposición. Recompilar webgrafía para consulta no blog.
 - **POSTA EN MARCHA DA CAMPAÑA DE CUIDADO DO NOSO ENTORNO: “RESÍDUOS 0” (+VOZ NATURA):** colocación de contedores (azul, amarelo e verde;

pilas e tapóns) para a separación e recollida de lixo (“brigadas verdes”). solicitar o plan proxecta “RECÍCLATE CON SOGAMA”.

- **COLOCAR PICTOGRAMAS NO CENTRO:** falar con “Raiolas”, dende o DO e coa colaboración do alumnado de apoio de AL, farase chegar unha solicitude de diferentes pictogramas para colocar pictogramas nas dependencias do centro e favorecer a inclusión de todo o alumnado.

CONMEMORACIÓNS QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- **13 DE SETEMBRO: DÍA DE ROALD DAHL** . Anímase empregar as horas de ler deste mes a realizar unha lectura en voz alta dramatizada por parte do mestre/a dunha das súas obras máis representativas. Así ademais de animar á lectura estaremos contribuíndo a que o noso alumnado coñeza a este importante autor. A partir da lectura podemos propoñer actividades creativas de expresión oral ou escrita.

- **26 DE SETEMBRO: DÍA EUROPEO DAS LINGUAS: 20º ANIVERSARIO.** Elaboración de postais (**empregando material de refugallo**) na **área de Lingua Estranxeira** para a participación dentro do proxecto **eTwinning** para a súa conmemoración.

<https://edl.ecml.at/Home/tabid/1455/language/es-ES/Default.aspx>

<https://edl.ecml.at/Teachers/Materials/tabid/1769/language/es-ES/Default.aspx>

Como participar?

<https://edl.ecml.at/Participate/Howtoparticipate/tabid/1766/language/es-ES/Default.aspx>

RETO PASTELEIRO:

<https://edl.ecml.at/Activities/20thAnniversaryGreatBake-Off/tabid/3230/Default.aspx>

ANÍMASTE A AUTO-AVALIAR O TEU NIVEL DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA?

<https://edl.ecml.at/Participate/Howtoparticipate/tabid/1766/language/es-ES/Default.aspx>

XOGOS CON LINGUA DE SIGNOS:

<https://edl.ecml.at/Games/CountryGame/tabid/3128/Default.aspx>

Esta data sería de especial interese tela en conta na área de lingua estranxeira.

OUTUBRO:

- O día **24 de outubro**, por ser o **Día Internacional das Bibliotecas Escolares** farase entrega ao profesorado e ao alumnado dos materiais de elaboración propia preparados no mes de setembro e en cursos pasados. No blog haberá recursos para traballar na aula durante ese día e que o alumnado entenda o porqué desta representativa data. A actividade poderá ser desenvolvida co mestre/a titor/a durante a HORA DE LER.

<https://bibliocervo.blogspot.com/search?q=24+de+outubro>

- Anímase a participar por cuarto ano consecutivo na **CodeWeek 2021** do 9 ao 24 de outubro, incluíndo o noso centro no mapa europeo da programación e realizando actividades relacionadas co pensamento computacional, as linguaxes de programación e a robótica.

<https://codeweek.eu/>

- **MÉTELLE MEDO Á COMIDA LIXO: INVESTIGAMOS QUE MONSTROS SE ESCONDEN DENTRO DAS NOSAS MERENDAS PARA PODER ESPANTALOS**

No blog da biblioteca, na sección do proxecto deste curso integrarase información sobre a **alimentación e os hábitos saudables**, que poderemos ir visualizando e analizando co noso alumnado a comezos do mes, para dar paso ao proceso de análise, documentación, investigación e tratamento da información nas titorías, cuxo obxectivo será **analizar e rexistrar a tipoloxía de merendas para melloralas e facelas máis saudables**, libres de ingredientes daniños para a saúde. Haberá un guión, sempre flexible, coas diferentes temáticas sobre as que se pode investigar para coñecer o que comemos para poder realizar cambios nas mesmas, sempre que sexa necesario, xunto cun obradoiro ou charla con especialistas en nutrición para que nos axude a entender mellor o que é unha alimentación sa. A data de presentación dos traballos será a finais de outubro ou principios de decembro.

Desta maneira, cada nivel, elaborará unha serie de receitas para crear o noso **Calendario Anual** (para a Comunidade Educativa) e un receptorio que poida ser empregado como referencia para as merendas escolares (ALFIN/AMI), coordinado de maneira compartida co **EDLG**, que se encargará de: **deseñar o modelo de calendario; da recollida, organización e montaxe dos meses; da súa maquetaxe e impresión.**

- **DESCANSOS ACTIVOS:** comezaremos o anaco dos descansos activos de maneira libre e iremos introducindo temática relacionada co noso PDI coa axuda da mestra de E. F.

- **OS MEDOS (EMOCIÓNS/SAÚDE MENTAL).** Traballaremos os diferentes medos partindo da realidade da aula (medo á escuridade, medo a estar soa, a falar en público, temores, inseguridades...). Contaremos con talleres formativos para saber máis sobre esta temática. Farase tamén unha representación dos nosos medos (debuxo, texto escrito, manualidade...), froito da investigación e da formación obtida nos obradoiros programados sobre esta temática, que se queimarán o día 29, conmemorando o **Samaín (+EDLG)**.

- Para contribuír ao fomento da nosa lingua e á preservación da cultura da nosa terra é preciso gozar dun bo e amplo coñecemento do noso patrimonio, tradicións e mitoloxía e neste caso propoñemos prestar especial atención **ás lendas** (aportación de diferentes lendas da cultura galega ou enlaces onde buscar por parte do **EDLG**). Faremos especial fincapé nas que máis preto están de nós da man de Antonio Reigosa ("Pola Mariña encantada"). Proponse a documentación e investigación sobre as lendas da nosa cultura para a representación/gravación (APADRIÑAMENTOS LECTORES + PODCASTS) dalgunhas delas o día 29 de outubro, no que conmemoraremos o **Samaín**. Tamén haberá un "Puca quere saber...sobre o Samaín" para coñecer algo máis desta data.

<https://galiciaencantada.com/>

<https://galiciaencantada.com/traballos.asp?mode=ficha&idt=100>

<https://galiciaencantada.com/contenido.asp?cat=45>

<http://lendasgalegas.swred.com/>

- **MESES TEMÁTICOS:** Exposición, nesta zona, de bibliografía e webgrafía para o blog relacionada para levar a cabo as investigacións.

- PDI/Traballo de investigación sobre o **MAGOSTO (+EDLG)**: Puca quere saber... coñecemos un pouco máis sobre esta celebración tan nosa e a súa historia. Crearemos unha cesta para as castañas feita con material de refugallo (**Oferta de modelos por parte do EDLG**). (Podcast Onda Puca Radio).

PREPARAR:

- **"RRR": REDURCIR, REUTILIZAR, RECICLAR. OBXECTIVO: RESÍDUOS 0:** Preparar materiais. Recompilar e mercar bibliografía para consulta e exposición. Recompilar webgrafía para consulta no blog.

CONMEMORACIÓNS QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS::

- **9-24 DE OUTUBRO: CODEWEEK**
- **29 DE OUTUBRO: SAMAÍN**

“NADAL MAKER” (novembro e decembro)

NOVEMBRO:

- **TRABALLAMOS AS “RRR”:** REDURCIR, REUTILIZAR, RECICLAR. **OBXECTIVO: RESÍDUOS 0:** Traballar a redución de lixo sobre todo nas merendas, a reciclaxe (nos diferentes contedores) e a reutilización de materiais. Analizar e rexistrar o emprego de plásticos dun só uso e as consecuencias que teñen na natureza e na nosa saúde. Relacionar a presenza de plásticos nas merendas en función do saudables que sexan. A idea é reducir o seu uso de aquí ata final de curso. Proporcionaremos un guión sobre os posibles aspectos a investigar. Elaborar un documento escrito/dixital/audiovisual onde se expoñan os resultados das investigacións ou os cambios obtidos.
- **MESES TEMÁTICOS:** Exposición, nesta zona, de bibliografía e webgrafía para o blog relacionada para levar a cabo as investigacións.
- Realizar un folleto informativo sobre as alternativas ao plástico.
<https://vivirsinplastico.com/>
<https://blog.sinplastico.com/>
<https://latravelista.com/vivir-sin-plastico/>
- Posible colaboración con IGACIENCIA, que este ano celebrará o XII DÍA DA CIENCIA EN GALEGO NA ESCOLA e con quen compartimos a nosa idea de traballar para conseguir acadar os **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030**.
<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/conmemoracions/ciencia-en-galego>
- Potenciaremos o movemento “maker” dentro das titorías. Cada nivel deseñará algún aparello tecnolóxico e, a través dun pequeno vídeo, explicará como o fixo, que materiais empregou, en que consiste e cal é o seu funcionamento e utilidade (Plástica). Eses vídeos subirémolos ao blog e o último día do mes poderemos visualizalos dentro dos diferentes grupos durante a Hora de Ler ou noutro momento que o titor/a decida (pódese comezar dende

outubro, segundo a dificultade do proxecto elixido). Propónse a creación de “Puca quere saber...” para o seu deseño e a modo de caderno de traballo.

- **MESES TEMÁTICOS:** Exporanse libros nesta zona sobre ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas (STEAM) e intentaremos propiciar a súa lectura e préstamo durante, alomenos, este mes.

- **DESCANSOS ACTIVOS:** Comezaremos a ensaiar, a principios de mes, a parte da coreografía que lle toca a cada grupo (baile + lingua de signos) para interpretar a canción “**DE FESTA**”: Aproveitamos a boa onda desta canción e o seu lema, para crear unha coreografía conxunta para o **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller (25 de novembro)**. Farase a gravación de cada anaco interpretado polos diferentes niveis e componse un vídeo colaborativo. Manifesto 5º e 6º + Montaxe do vídeo (**EDLG**).

<https://www.youtube.com/watch?v=jU5iPiBMys4>

- **MESES TEMÁTICOS:** Exposición de libros sobre igualdade e feminismo. Animarase á lectura e ao empréstimo desta bibliografía entre o alumnado. O **EDLG** deseñará actividades específicas que contribúan á difusión desta data tan sinalada.

CONMEMORACIÓN QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- **MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS**
- **25 DE NOVIEMBRE: DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

DECEMBRO:

- **RECOMENDACIÓN E NOVIDADES LECTORAS (INSTAGRAM)**
- **AGASALLO DE NADAL/AMIGA/O INVISIBLE :** Comezamos coa planificación para a súa elaboración. Realizaremos un agasallo de Nadal feito con **material de refugallo** para darlle unha segunda vida e poder agasallar á nosa amiga ou amigo invisible. **DESDE A BIBLIO:** Regalaremos unha bolsa de tea que personalizarán (**só por un lado**).

<https://www.pinterest.es/nuriabernabe/adornos-navide%C3%B1os-reciclados/>

- **DEPORTE ADAPTADO:** Hai outras maneiras de facer deporte para as persoas con discapacidade/diversidade funcional? Pescudámolo? Reuniremos preguntas para a entrevista a Álex de “Deporte adaptado” (**ONDA PUCA RADIO**) e conmemoraremos o **Día Internacional**

das Persoas con Discapacidade. Para estas datas tan sinaladas contaremos coa colaboración do Departamento de Orientación.

- **DESCANSOS ACTIVOS:** seguiremos as instrucións da nosa mestra Cris para mover o corpo nestes intres diarios.

PREPARAR:

- **PAZ INTERIOR:** Preparar materiais. Recompilar e mercar bibliografía para consulta e exposición. Recompilar webgrafía para consulta no blog.

- **ENTROIDO:** Preparar materiais. Recompilar e mercar bibliografía para consulta e exposición. Recompilar webgrafía para consulta no blog.

CONMEMORACIÓN QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- **3 DE DECEMBRO: DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE**
- **10 DE DECEMBRO: DÍA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS**
- O **EACE** convidaranos a celebrar o fin de trimestre cunhas actividades do máis divertidas.

“PAZ, AMOR E ROCKSALIA” (xaneiro e febreiro)

XANEIRO:

- **A PAZ INTERIOR:** Investigaremos sobre esta temática intentando incluír, no proceso de análise e investigación, aqueles elementos que perturban o noso equilibrio emocional e que impiden estar en paz con nós mesmas e co noso entorno (adicións, ansiedade, estrés, racismo, homofobia, bullying...) e traballaremos a relaxación a través de diferentes técnicas como o IOGA, MINDFULNESS, etc. Proporcionaremos un guión sobre aqueles aspectos relacionados con esta temática sobre os que podemos investigar. Solicitaremos tamén o Plan Director da Garda Civil e realizaremos obradoiros ao respecto, sempre que sexa posible. Colaboración dos equipos EDIXGAL, TIC e Biblioteca Creativa. Obradoiro con especialista en IOGA infantil. O produto final será un documento colaborativo no que se expoña o investigado por cada grupo e un vídeo, tamén colaborativo, no que cada grupo realizará unha asana.

<https://www.healthychildren.org/Spanish/family-life/Media/Paginas/Unhealthy-Video-Gaming.aspx>

- **MESES TEMÁTICOS:** Exposición, nesta zona, de bibliografía e webgrafía para o blog relacionada para levar a cabo as investigacións.
- **DESCANSOS ACTIVOS:** escolleremos unha técnica de relaxación ou “asana” para practicar e facer un vídeo conxunto con todas elas.

PREPARAR:

- **“RRROCKSALÍZATE!”:** pedir rotuladores para tea e facer modelo da cara para pintar por dentro. Selección de versos para plasmar nas camisetas + Gravación de podcast con alumnado para poñer na radio no seu día (**EDLG**).

CONMEMORACIÓN QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- o **30 DE XANEIRO: DÍA DA PAZ E DA NON VIOLENCIA**

FEBREIRO:

- **ENTROIDO:** A temática serán **os deportes**. Escolleremos un deporte sobre que investigar e aprender un pouco, ademais de practicalo (se pode ser, daqueles que non se coñecen tanto). Realizaranse os **disfraces de Entroido** reutilizando roupa e materiais para semellar as deportistas da disciplina escollida. Entrevista a algunha deportista galega (**Adrián Ben?**) en **ONDA PUCA RADIO**.
- **“RRROCKSALÍZATE!”:** Realizar **reciclado de camisetas con versos de poemas de Rosalía. ROCKSALIA**. Proponse a conmemoración conxunta do Día da Lingua Materna e do Día de Rosalía de Castro por ser ela unha grande defensora e promotora da nosa lingua (**+EDLG**).
- Neste mes comezaremos coa plantación do inverno no invernadoiro e/ou na aula e poderán realizarse as fichas técnicas dos produtos desta tempada. Estas fichas técnicas poderán recollerse para o deseño dun libro/video colaborativo (**VOZ NATURA**).

- **MESES TEMÁTICOS:** Exposición, nesta zona, de bibliografía e webgrafía para o blog relacionada para levar a cabo as investigacións.
- **DESCANSOS ACTIVOS:** realizaremos algunha actividade proposta por Cris, relacionada co deporte que se elixiu?

PREPARAR:

- **COIDADADO DA NATUREZA: O NOSO XARDÍN:** Preparar materiais. Recompilar e mercar bibliografía para consulta e exposición. Recompilar webgrafía para consulta no blog.

Contactar coas persoas coas que queiramos contar no centro para formación e talleres. Pedir presuposto para as placas de metacrilato e paus para colocalas. Mercar árbores para repoñer?.

<https://gnhabitat.org/>

- **DÍA MUDIAL DO TEATRO:** Preparar e seleccionar diferentes obras de teatro para que as clases realicen nos apadriñamentos bimensuais **(EDLG)**.
- **DÍA DA MULLER:** Selección de enlaces para o análise da situación actual da muller en Afganistán para incluír no blog como recursos e fontes de investigación **(EDLG)**.
- **SEMANA DA PRENSA:** Propoñer e contactar con xornalistas para visitas. Elaboración de sumario e modelo. Organización das seccións.
- **PEZAS ÚNICAS:** Elaboración de plantillas **(EDLG)**.

CONMEMORACIÓNS QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- **5 DE FEBREIRO: DÍA INTERNACIONAL DE INTERNET SEGURO (SAFER INTERNET DAY).** Para este día, dende a Biblioteca Escolar, intentaremos achegar unha serie de recomendacións ao noso alumnado e á Comunidade Educativa para que o uso das tecnoloxías da información sexa cada vez máis responsable e seguro.
- **11 DE FEBREIRO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA**
- **21-25 DE FEBREIRO: SEMANA DO ENTROIDO**
- **21 DE FEBREIRO: DÍA INTERNACIONAL DA LINGUA MATERNA**
- **24 DE FEBREIRO: DÍA DE ROSALÍA E DO “ROCKSALÍA”**

“UN NENO, UN MESTRE, UN LIBRO E UN LAPIS, PODEN CAMBIAR O MUNDO” (marzo e abril)

MARZO:

- **COIDADADO DA NATUREZA: O NOSO XARDÍN.** Comezamos coa investigación sobre como **coidar o noso entorno máis próximo**, protexendo e mellorando as zonas verdes do cole. Realizaranse entrevistas ás persoas colaboradoras para compartir en **ONDA PUCA**

RADIO. Repartiremos o traballo levando a cabo catro pequenos proxectos colaborativos que poñeremos en común o día 21 de marzo e o 22 de abril:

- ✓ **CASIÑAS DE PAXAROS:** Proponse poñerse en contacto con persoas expertas que nos axuden a colocar casiñas de paxaros nas árbores do noso cole para que sirvan de refuxio para pequenas aves. **(Grupo Naturalista Hábitat).**
- ✓ **ABELLAS VS AVESPA ASIÁTICA:** Elaboración e colocación de trampas para as avespas asiáticas e investigación sobre o coidado das nosas abellas. **(PRODUTORES DE MEL DO VALADOURO/MARMEL/SERPA)**
- ✓ **REBELIÓN NA CHARCA (VOZ NATURA):** Da man de Voz Natura, propoñemos limpar e coidar o entorno da charca facendo unha investigación sobre a fauna que habita nela e a catalogación da mesma. Colocaremos placas informativas coa información obtida.
- ✓ **ÁRBORES DO PATIO:** Propoñemos mellorar o estado das árbores do noso xardín buscando estratexias para o seu coidado. Investigar que especies temos e catalogalas. Realizaremos placas informativas para colocar ao lado de cada unha delas.

- **SEMANA DA PRENSA.** Traballar este tema intentando ter como resultado o **noso xornal “NIN QUITO, NIN POÑO”**. Comezar coa realización do mesmo realizando artigos dos proxectos anteriores. Colaboraremos co programa Prensa-Escola da Voz de Galicia. Entrevistas/xuntanzas con xornalistas. Montaxe, impresión e distribución do xornal **(EDLG)**.

- **DÍA DA MULLER:** Analizaremos a **situación actual da muller en Afganistán** tomando como referencia a **Malala Yousafzai**, exemplo de supervivencia e loita contra os radicais talibáns.. **(EDLG)**.

- **DÍA DA POESÍA.** Batería de actividades dinámicas para traballar a poesía e **crear algunha rima, verso, poema ou composición artística** (empregando follas, flores, pigmentos naturais, papel reciclado...) para utilizar nas **pezas únicas**. (Temática árbores, natureza, abellas, charca, paxaros...).

- **MICRORREDE DA MARIÑA:** comezamos a actividade colaborativa de centros **PLAMBE**.

- **DESCANSOS ACTIVOS:** realizaremos actividades propostas por Cris.

CONMEMORACIÓNS QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- **7 AO 11 DE MARZO: SEMANA DA PRENSA**
- **8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**
- **20 DE MARZO: DÍA DA FELICIDADE**
- **21 DE MARZO: DÍA DA POESÍA/DÍA DA ÁRBORE E DA AUGA/ DÍA DAS PERSOAS CON SÍNDROME DE DOWN**
- **SEMANA DO 21 DE MARZO: SEMANA DA SOLIDARIEDADE COS POBOS QUE LOITAN CONTRA O RACISMO E DISCRIMINACIÓN RACIAL**
www.mujeresnegrasquecambiaronelmundo.com
- **27 DE MARZO: DÍA MUNDIAL DO TEATRO**

ABRIL:

- **MESES TEMÁTICOS:** expoñer novidades para conmemorar o Día do Libro Infantil e Xuvenil/ Semana do Libro/ Día do Libro.
- Darase comezo á plantación da primavera no mesmo senso que as anteriores, coa correspondente ficha técnica e coas labores que iso supón.
- Neste mes daríamos comezo coa organización da primeira fase da actividade colaborativa coa Microrrede da Mariña de centros PLAMBE. Este ano está pendente de decidir si se realiza e de ser así cal sería a modalidade.
- **DESCANSOS ACTIVOS:** realizaremos algunha actividade proposta por Cris enfocada á preparación da Carreira Solidaria.

PREPARAR:

- Materiais sobre o homenaxeado o Día das Letras Galegas: Florencio Delgado Gurriarán
- Talleres/charlas sobre a liberdade afectiva e sexual.

<https://alacoruna.org/gl/>

CONMEMORACIÓNS QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- **2 DE ABRIL: DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL / DÍA MUNDIAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO**
- **7 DE ABRIL: DÍA MUNDIAL DA SAÚDE**
- **18 AO 22 DE ABRIL: SEMANA DO LIBRO/DÍA DO LIBRO: 23 DE ABRIL**
- **22 DE ABRIL: DÍA INTERNACIONAL DA NAI TERRA**

“A ARTE DAS LETRAS” (maio e xuño)**MAIO:**

- **DÍA INTERNACIONAL CONTRA O BULLYING OU ACOSO ESCOLAR:** poremos á disposición da Comunidade Educativa un boletín informativo ao respecto así como bibliografía e audiovisuais apropiados para traballar o tema na casa e no colexio se fora preciso. Inclúiranse actividades e recursos diversos **(DO)**.
- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS:** Homenaxéase a Florencio Delgado Gurriarán. Haberá unha batería de actividades para coñecer un pouco máis a este o autor homenaxeado. Gravación dun podcast sobre o escritor para poñer na radio ese día **(EDLG)**.
- **DÍA INTERNACIONAL CONTRA A LGTBIFOBIA:** solicitaranse talleres para o tratamento deste tema dunha maneira significativa e de mans de expertos.
- **CARREIRA SOLIDARIA:** Recadación: Protectoras de animais ou ONG (EACE).
- **PEZAS ÚNICAS.** Realizadas no día da poesía.
- **TALLER DE ARTE: INSTRUMENTOS RECICLADOS.** Crearemos instrumentos musicais con material de refugallo e teremos en conta a inspiración na obra **de Laxeiro (Xosé Otero Abeledo)**, homenaxeado pola **Academia Galega de Belas Artes durante o 2022**. Con esta actividade, conmemoraremos o Día da Reciclaxe, Día da Arte Galega na Escola e o Día do Medio Ambiente cunha exposición dos instrumentos.

<https://www.lamusicadelreciclaje.com/los-instrumentos/>

- **DESCANSO ACTIVO:** adestramos para a **CARREIRA SOLIDARIA** e para o **BAILE DE FIN DE CURSO**.

CONMEMORACIÓNS QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS:

- **2 DE MAIO: DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR**
- **9 DE MAIO: DÍA DE EUROPA**
- **17 DE MAIO: DÍA DAS LETRAS GALEGAS/DÍA DA RECICLAXE/ DÍA INTERNACIONAL CONTRA A LGTBIFOBIA**
- **20 DE MAIO DAS ABELLAS**
- **31 DE MAIO: ANIVERSARIO DE PUCA!**

XUÑO:

- **EXPOSICIÓNS DOS INSTRUMENTOS REALIZADOS** e conmemoración do **Día da Arte Galega na Escola**, no que homenaxearemos a **Laxeiro**.
- **DÍA NACIONAL DAS LINGUAS DE SIGNOS ESPAÑOLAS:** Visualización do vídeo colaborativo coa canción **“DE FESTA”** para recordar o que aprendemos en **lingua de signos**.

CONMEMORACIÓNS QUE SE PROPÓN TER EN CONTA NAS AULAS

- **1 DE XUÑO: DÍA DA ARTE GALEGA NA ESCOLA**
- **5 DE XUÑO: DÍA DO MEDIO AMBIENTE**
- **14 DE XUÑO: DÍA NACIONAL DAS LINGUAS DE SIGNOS ESPAÑOLAS**
- **ECOCERVOFEST: FETIVAL DE FIN DE CURSO (20, 21 E 22 DE XUÑO)**

*Todas as actividades son flexibles e están suxeitas a calquera modificación, cancelación ou incorporación segundo as necesidades organizativas do centro e as condicións socio-sanitarias da nosa zona de referencia.

PARA A AVALIACIÓN E SEGUIMENTO REMITÍMONOS AO PUNTO 7 DAS LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA ESTE CURSO 2021-2022.

Cervo, 20 de setembro de 2021

ANEXOS

- 1. HORARIO DE ATENCIÓN Á BIBLIOTECA POR PARTE DO EQUIPO**
- 2. HORARIO DE BIBLIOTECA DOS DIFERENTES NIVEIS**